

PROXECTO EDUCATIVO DO CEIP JUANA DE VEGA

DOG núm. 68 do 13-4-2015

III. Outras disposicións

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECRETO 51/2015, do 26 de marzo, polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria no concello de Oleiros.

DOG núm. 242 do 21-12-2016

III. Outras disposicións

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ORDE do 1 de decembro de 2016 pola que se autoriza o cambio de denominación do colexio de educación infantil e primaria de Oleiros, no concello de Oleiros.

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	2
2. FUNDAMENTACIÓN E ANÁLISE DA REALIDADE	3
3. RECURSOS	7
4. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS E LIÑAS FUNDAMENTAIS DE ACTUACIÓN	10
5. LIÑAS METODOLÓXICAS	12
6. ÓRGANOS DE GOBERNO	15
7. OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE	19
8. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PEC	20

1. INTRODUCCIÓN

Centro de nova creación, que comezou a súa andadura no curso 2015-2016. Dende o seu comezo, e salvo unha mestra definitiva o resto do claustro ten praza provisional, adquiriu e mantivo o principio de que calquera actuación, acordo, estrutura ou acción, basearase na premisa de conquistar unha **escola aberta á comunidade, flexible, integrada no entorno, baseada en valores democráticos, onde o obxectivo único e primordial só é un posible: o desenvolvemento integral do alumnado.**

Outros dos principios característicos neste centro é que na toma de decisións e actuacións neste centro e no seu acontecer diario, formúlase como obxectivo que a comunidade educativa participe activamente, onde cada un dos membros da comunidade desenvolva o seu labor con responsabilidade para conseguir os obxectivos comúns que nos marquemos xuntos.

Especial mención adquire como carácter propio do centro a **atención á diversidade** en calquer acción educativa, de xeito que calquera neno/a terá unha resposta axeitada ás súas necesidades. A comunidade educativa deberá actuar de forma conxunta de cara a acadar dito obxectivo así como para evitar calquera conducta que poida alterar aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades entre o alumnado ou o respecto pola liberdade de cada quen.

En definitiva, as liñas presentes en toda acción deste centro son:

- Crear entre toda a Comunidade Educativa, unha escola baseada en valores democráticos, de esforzo e compromiso.
- Respetuosa coas diferenzas individuais de cada un dos membros que formamos a comunidade educativa, e traballando na liña de que en educación, respectamos o ritmo de aprendizaxe de cada un.

2.- FUNDAMENTACIÓN E ANÁLISE DA REALIDADE.

2.1.- O contexto: características do centro.

Datos xerais:

<i>Nome do Centro:</i> C.E.I.P. Juana de Vega		<i>Código:</i>	15032911
<i>Enderezo:</i> R/ Concelleiro Alfredo Novoa 1		<i>Localidade:</i> San Pedro de Nós	<i>Concello:</i> Oleiros
<i>Código Postal:</i> 15176	<i>Provincia:</i> A Coruña		<i>Tlf/Fax.:</i> 881960947
<i>E-mail</i>	ceip.oleiros@edu.xunta.es		

2.2.-Entorno físico.

Localización do centro e área de influencia.



O CEIP Juana de Vega sitúase na Parroquia de San Pedro de Nós, no sur do Concello de Oleiros. Delimita ao Leste e Oeste coas parroquias oleirenses de Iñas e Liás e limita co Concello de Cambre polo sur.

A súa área de influencia corresponde ao marxe dereito da N-VI (dirección sentido A Coruña - Madrid), ao seu paso por este concello.

Oleiros é un concello que forma a denominada área metropolitana de A Coruña; os seus últimos datos de poboación do INE, con data de 1-1-2016 (recollidos no Instituto Galego de Estatística), aportan os seguintes datos, tendo a Parroquia de San Pedro de Nós onde se atopa o centro 4099 habitantes (dato do 2007).

Número de habitantes no Concello de Oleiros: 35013

Poboación menor de 16 anos: 5645

Poboación entre 16-64 anos: 22715

Poboación maior de 64 anos: 6653.

Da poboación menor de 16 anos, dicir que nas idades que a nós nos corresponde como CEIP:

De 0-4 anos: 1595

De 5-9 anos: 1851

De 10-14 anos: 1819

Do mesmo xeito, convén dicir tamén o número de estranxeiros presentes no Concello, posto que esta é unha realidade que o noso centro está a atender:

Nº total de Estranxeiros: 1222

Procedentes da U.E. 395

De Rusia: 34

Ucráína: 12

De Africa: 40

De América do sur: 662

De Asia: 54

De Oceanía: 2

Neste punto dicir que aparte dos nados en países pertencentes a U.E., o maior número de nenos e nenas no noso Centro, proceden de Latino América, e como reflicten os datos estatísticos, corresponden a maior parte de Brasil, Venezuela, Colombia e Arxentina, que tamén son os que representan a maior poboación censada en Oleiros que proceden de estes países (Brasil 189, Venezuela 102, Colombia 68 e Arxentina 54).

Os alumnos/as procedentes de estes países atendidos no CEIP, representa aproximadamente un 10% do alumnado existente neste curso (lembrar que actualmente está a atender a metade do alumnado do que pode atender na totalidade (450 alumnos/as).

**Convén matizar que estes datos son aproximados, pois o número de residentes neste concello son máis que os empadroados, posto que moitos dos seus residentes, están empadroados na cidade de A Coruña, por razóns varias.*

Por outra banda, a lingua máis empregada é o castelán, aínda que o coñecemento e entendemento do galego é similar ao castelán, agás algunha excepción nas familias estranxeiras.

2.3. Nivel económico e sociocultural.

En liñas xerais, este Concello ten unha grande poboación que pode clasificarse de “media-alta”, con bachiller, estudos universitarios, profesións liberais... con grandes espazos destinados a urbanizacións sostibles e non masificadas, o cal valórase especialmente pola súa poboación este xeito de desenvolvemento e sostibilidade, na conservación do medio.

Isto produce que sendo un Concello que pertence a área Metropolitana da cidade de A Coruña, sexa moi valorado e con moita xente que escolle este concello para vivir, aínda que desenvolva o seu traballo e obrigacións fora del.

Por outra banda, se ben esta poboación pode considerarse que supón un 50-55 % da total, o resto dos seus habitantes, estarían desenvolvendo a súas tarefas profesionais no sector servizos, tanto privados como do propio concello, e tamén reflectir que os procedentes de países estranxeiros (tanto da U.E. como do resto), incorpóranse en maior medida a este grupo de poboación, dicindo en todo caso, que na maior parte dos casos tamén teñen estudos de posgrado dos seus países de referencia, aínda ben non homologados na U.E., sobre todo os procedentes de hispanoamérica, no que dadas as situacións polas que volven ou elixen Oleiros, atopáanse neste sector.

3. RECURSOS

Situación actual do centro: 2016/17.

Nº Profesores	18 + 2
Persoal de servizos	1
Total persoal	21*

* *Temos dúas mestras compartidas a media xornada con outro CEIP, sendo o outro o seu centro de referencia.*

POSTOS DE TRABAJO EN FUNCIONAMIENTO										
EI	E P	FI	FF	EM	EF	PT	AL	Orient	Relix.	<i>TOTAL</i>
6	7	1		1	1	1	1	1/2	1/2	20

3.1. Persoal.

Neste curso 2016/17 temos en total 20 mestres/as en total, 19 con tempo completo neste centro e dous compartidos co CEIP de Sada (Orientación e Relixión).

Como no curso pasado todo o claustro estaba formado por profesionais en situación de provisionalidade, neste curso, despois do concurso de traslados a situación é a seguinte:

- Mestres/as definitivos/as: 16 a tempo completo.
- Mestres/as en prácticas: 1.
- Mestres/as provisionais: 2.
- Mestres en C.S.: 1.
- PAS: 1.

3.2. Materiais e recursos:

Lembremos que é un centro de nova creación. Co que algúns dos recursos dos que conta o centro aínda están en proceso de asentamento. Se ben, podemos dicir que xa funcionan correctamente e utilízanse no proceso de ensino/aprendizaxe o seguinte (aínda que repetimos, que seguen a procurarse ás melloras que se vaian observando en todas e cada unha das que se citan):

- PDIs en todas as aulas.
- Aula de lingua estranxeira: Inglés.
- Despacho de Orientación, aula de AL e PT.
- Aula de Música.
- Ximnasio de E.F.
- Biblioteca.
- Aula de Relixión.

Do mesmo xeito, comezou a funcionar a páxina web do centro, que está en proceso de asentamento.

3.3. Servizos que oferta o centro.

Dende o seu comezo este centro ofrece servizo de madrugadores, comedor e actividades extraescolares, xestionado directamente pola ANPA. Recoñecer a súa implicación e bo facer na posta en marcha e funcionamento deste centro dende o seu inicio, colaboración que de non existir, moitos dos servizos non poderían terse prestado dende o comezo, nin moitas das actividades e colaboracións sen a súa implicación e total

participación. Aspecto que debe recoñecerse en todas as accións, textos e documentos nos que se poida reflectir.

3.4.-Relación do Centro co entorno.

Como non pode ser de outro xeito, falando de educación, considérase necesaria a implicación, traballo conxunto e contacto permanente con tódolos axentes e institucións existentes na comunidade educativa da que forma parte este centro, deste xeito manterase contacto frecuente coa Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U en A Coruña, co Concello de Oleiros, coa ANPA e cos axentes sociais existentes tanto no Concello como próximos.

Neste senso débese impulsar esta relación, necesaria en todo proceso educativo, pero que neste centro, respectando sempre, non só os dereitos de tódolos país e nais tanto representados pola ANPA ou non, senón tamén facer respectar e respectar a labor profesional do centro, e dentro deste, ás competencias que dita institución non debe nin pode transferir. En calquera caso, esto débese potenciar en beneficio de toda a comunidade educativa, escoitar, debater e chegar a acordos respectando sempre a lei vixente.

4.- PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS E LIÑAS FUNDAMENTAIS DE ACTUACIÓN:

Como Centro de titularidade pública, o CEIP maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas o adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Tendo claro isto, este CEIP garantirá e tomará as medidas oportunas para que así sexa, para que sexa:

- Tutela da **igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres en toda canta acción educativa se leve na práctica, tendo especial coidado de que isto sexa unha garantía real e efectiva, presentando proxectos de actuación e criterios de avaliación continuos, para velar polo seu total cumprimento.
- **Inclusiva:** a igualdade de oportunidades para o alumnado, debe garantir que as súas necesidades teñan unha resposta axeitada e eficaz seguindo o principio de atención individualizada, que do mesmo xeito que o anterior, tanto o claustro como especialmente o departamento de Orientación do centro, prestará especial mención a estes puntos.
- **Participativa:** unha escola na que podan participar activamente tódolos estamentos que inciden nela: pais/nais de alumnos/as, mestres/as, Concello, alumnos/as e persoal non docente.
- **Activa:** Onde as aprendizaxes sexan o resultado do facer do/a neno/a, que respecte a actividade espontánea, os intereses

dos/das rapaces/as e cultive o traballo autónomo, tendo en conta as diferencias individuais.

- Renovadora, **innovadora** e creativa: apoiando tódalas iniciativas que neste senso se propoñan, unha vez expostas, argumentadas e valoradas.
- **Vinculada co entorno**: unha escola que non se circunscriba somentes a aula, que teña en conta o medio, integrándose nel e establecendo unha comunicación recíproca entre ela e o entorno.
- **Que respecte** as crenzas relixiosas, políticas, morais, culturais e sociais: Non se admitirá a discriminación de ninguén en función disto.
- Que propicie a fomento a atención á toda a **diversidade**.
-

Estas liñas de actuación e principios metodolóxicos deben impregnar toda acción educativa no centro, e non se pode subscribir a un momento determinado, senón que deben estar presentes, de xeito transversal formal a todas e cantas accións se produzan no centro, e asumidas por toda a Comunidade Educativa.

Só conseguindo acadar o máximo de cohesión social neste punto, poderá ser efectiva e real para todo o alumnado.

Formar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais , no exercicio da tolerancia e respecto ás normas de convivencia, ás características propias de cadaquén e á multiculturalidade.

- Implicar a toda a comunidade educativa no funcionamento do centro.
- Propoñer e favorecer proxectos de colaboración con diferentes organismos e institucións e fomentar os do propio claustro.

- Facer da avaliación un instrumento que permita unha constante revisión e planificación das actuacións pedagóxicas, organizativas e administrativas.

5.- LIÑAS METODOLOXICAS

O colexio entenderá ó alumnado como constructor da súa aprendizaxe. Respectando os distintos estilos, a liña metodolóxica do colexio irá encamiñada á consecución dunha aprendizaxe significativa.

Concretaremos basicamente nestes puntos:.

- Concíbese a actuación do profesorado non só como instructor, senon como orientador e facilitador da aprendizaxe.
- As necesidades específicas e o ritmo de maduración de cada alumno será respectado no desenvolvemento intelectual, emocional e adaptación social.
- Transversalidade. Traballo interdisciplinar (Paz, ecoloxía, saúde).
- Utilizaranse os instrumentos o noso alcance (saidas ó entorno, medios de comunicación, audiovisuais, informática...) para vincularnos o noso entorno e á sociedade actual.
- Entendemo-la avaliación como un proceso continuo baseado no seguimento de todo o proceso educativo e dos elementos que nel interveñen, facendo maior fincapé no proceso en sí máis que nos resultados cuantitativos.

3.3.6.Liñas xerais de atención á diversidade

Na Lei Orgánica, 8/2015, do 5 de decembro, LOMCE, indícase que: “se establecerán as medidas curriculares e de organización pertinentes que aseguren o proceso do alumnado

con necesidade educativas. A escolarización do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe atenderá aos principios de normalización e inclusión, garantindo a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo. Promoverase a identificación, valoración e intervención do alumnado con este tipo de necesidades da maneira máis temprana posible.

As medidas de atención á diversidade están orientadas a responder ás necesidades concretos do alumnado e á consecución dos seus obxectivos. Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas tendo en conta a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Ademái, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Medidas ordinarias

- a) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- b) Reforzos.

Medidas extraordinarias

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- d) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Para a **toma de decisións** sobre estas medidas seguirase o seguinte proceso:

- Realizar por parte do equipo docente a proposta de intervención **na avaliación na que se requira**.
- O titor/a e/ou orientador/a aportarán nas sesións de avaliación inicial as conclusións acordadas nas xuntanzas do profesorado do grupo a requirimento da xefatura de estudos e realizadas con anterioridade ao comezo da actividade lectiva nas que se puideran concretar as propostas referentes a:

- Alumnado que requirirá da intervención do profesorado de pedagogía terapéutica ao inicio do curso (apoio educativo)

Teranse en conta, tanto nestas xuntanzas como na sesión de avaliación inicial, os informes persoais de curso e/ou etapa anterior.

Na sesión de avaliación do segundo trimestre, farase unha proposta provisional para que sexa concretada e confirmada na sesión de avaliación do terceiro trimestre, do seguinte alumnado:

O alumnado que presente evidentes dificultades no proceso de aprendizaxe, en particular nas áreas de lingua, pode quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira para recibir nese caso o reforzo educativo pertinente atendendo ao informe da persoa titora da etapa ou curso anterior e coa colaboración do Dpto. de Orientación. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores legais afectados.

6.- ÓRGANOS DE GOBERNO

6.1. Unipersoais

Director/a, Xefe/a de estudos, Secretaría

As súas funcións son as que determina o artigo 132, recollida no Capítulo IV. Dirección dos centros públicos, do texto consolidado da Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para la mejora de la calidad educativa (BOE do 10/12/2013).

6.2. Órganos colexiados.

6.2.1. CLAUSTRO.

Competencias del Claustro del profesorado

Artículo 129 de la LOE

- Formular al equipo directivo y al Consejo Escolar propuestas para la elaboración de los proyectos del centro y de la programación general anual.
- Aprobar y evaluar la concreción del currículo y todos los aspectos educativos de los proyectos y de la programación general anual.
- Fijar los criterios referentes a la orientación, tutoría, evaluación y recuperación de los alumnos y alumnas.
- Promover iniciativas en el ámbito de la experimentación y de la investigación pedagógica y en la formación del profesorado del centro.
- Elegir sus representantes en el Consejo Escolar del centro y participar en la selección del director/a en los términos establecidos por la presente Ley.

- Conocer las candidaturas a la dirección y los proyectos de dirección presentados por los candidatos.
- Analizar y valorar el funcionamiento general del centro, la evolución del rendimiento escolar y los resultados de las evaluaciones internas y externas en las que participe el centro.
- Informar las normas de organización y funcionamiento del centro.
- Conocer la resolución de conflictos disciplinarios y la imposición de sanciones y velar por que éstas se atengan a la normativa vigente.
- Proponer medidas e iniciativas que favorezcan la convivencia en el centro.
- Cualesquiera otras que le sean atribuidas por la Administración educativa o por las respectivas normas de organización y funcionamiento.

6.2.2. CONSELLO ESCOLAR.

Competencias del Consejo Escolar

Artículo 127 de la LOE, modificado por la LOMCE

- Evaluar los proyectos y las normas a los que se refiere el capítulo II del título V de la presente Ley orgánica.
- Evaluar la programación general anual del centro, sin perjuicio de las competencias del Claustro del profesorado, en relación con la planificación y organización docente.
- Conocer las candidaturas a la dirección y los proyectos de dirección presentados por los candidatos.
- Participar en la selección del director/a del centro, en los términos que la presente Ley Orgánica establece. Ser informado del

nombramiento y cese de los demás miembros del equipo directivo. En su caso, previo acuerdo de sus miembros, adoptado por mayoría de dos tercios, proponer la revocación del nombramiento del director/a.

- Informar sobre la admisión de alumnos y alumnas, con sujeción a lo establecido en esta Ley Orgánica y disposiciones que la desarrollen.

- Conocer la resolución de conflictos disciplinarios y velar por que se atengan a la normativa vigente. Cuando las medidas disciplinarias adoptadas por el director/a correspondan a conductas del alumnado que perjudiquen gravemente la convivencia del centro, el Consejo Escolar, a instancia de padres, madres o tutores legales, podrá revisar la decisión adoptada y proponer, en su caso, las medidas oportunas.

- Proponer medidas e iniciativas que favorezcan la convivencia en el centro, la igualdad entre hombres y mujeres, la igualdad de trato y la no discriminación por las causas a que se refiere el artículo 84.3 de la presente Ley Orgánica, la resolución pacífica de conflictos, y la prevención de la violencia de género.

- Promover la conservación y renovación de las instalaciones y del equipo escolar e informar la obtención de recursos complementarios, de acuerdo con lo establecido en el artículo 122.3.

- Informar las directrices para la colaboración, con fines educativos y culturales, con las Administraciones locales, con otros centros, entidades y organismos.

- Analizar y valorar el funcionamiento general del centro, la evolución del rendimiento escolar y los resultados de las evaluaciones internas y externas en las que participe el centro.
- Elaborar propuestas e informes, a iniciativa propia o a petición de la Administración competente, sobre el funcionamiento del centro y la mejora de la calidad de la gestión, así como sobre aquellos otros aspectos relacionados con la calidad de la misma.
- Cualesquiera otras que le sean atribuidas por la Administración educativa.

6.2.3. ORGANOS DE PARTICIPACION DA COMUNIDADE ESCOLAR .

A.P.A. (Asociación de Pais de Alumnos). Competencias:

- Informa-los asociados da súa actividade.
- Facer propostas ó Consello Escolar para a elaboración do P.E.C. e ó

Equipo Directivo da P.X.A.

- Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da Comunidade Educativa.
- Facer uo das instalacións do centro nos termos que establezca o Consello Escolar de acordo coa lexislación vixente.
- Outras establecidas no Artigo 105 do Decreto 374/1996.

7.- OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

7.1. Programación Xeral Anual

A Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CEIP Juana de Vega, nel se establece a súa organización e se fixan obxectivos a acadar en cada curso académico.

Tal programación é un proxecto e, como tal, vén a ser unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito de reflexión e análise, que se fai a partir dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) e coa pretensión final de conseguir o maior éxito escolar posible dos alumnos/as do Centro.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas dúas consideracións seguintes:

- 1ª) Por unha necesidade de imperativo legal dado que así o dispón o decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.

- 2ª) Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, coa fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio.

7.2. Memoria Anual

A Memoria de final de curso debe ser fiel reflexo do traballo realizado no colexio durante o curso escolar, e recoller as conclusións máis relevantes da análise e avaliación da Programación Xeral Anual e do seu grado de cumprimento, co claro obxectivo de mellorar a planificación das necesidades futuras, así como de lograr mellorar o funcionamento do Colexio.

A metodoloxía empregada para levar a a cabo consistirá na análise das memorias dos departamentos, dos plans e proxectos complementarios; das actas dos diferentes equipos docentes, etc.

Nos diferentes apartados desta Memoria ten que quedar constancia do grado de cumprimento destes obxectivos en cada un dos ámbitos que configuran o funcionamento do CEIP e se o Equipo Directivo, considera que os obxectivos propostos na Programación Xeral Anual foron conseguidos ou non facendo unha valoración positiva das actuacións emprendidas ao longo do curso para a súa consecución.

8. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PEC

8.1. Avaliación

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas, de xeito que poidan facerse nel melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos plantexados.

8.2.Modificacións no PEC

- Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no consello escolar, quedando derogado o anterior.
- Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar.
- A aprobación dunha modificación precisará da maioría simple do consello escolar.
- As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado, seguindo este procedemento

O día.....O Consello Escolar do CEIP Juana de Vega acordou modificar o/s punto/s.....do Proxecto Educativo aprobado en data.....quedando a súa redacción como sigue:.....
.....
.....
.....

8.3. Difusión do PE

O Proxecto educativo do CEIP Juana de Vega aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, e estará a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargarse de dar a máxima publicidade posible ao PE entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais/nais, as titorías de alumnos, etc para levar a cabo este cometido.

8.4.- CONCRECIÓN CURRICULAR

A Lei orgánica 8/2013, do 9 dedecembro, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

A concreción curricular de ESO do CPI de Xanceda organízase do seguinte xeito:

8.5.- CONCRECIÓN CURRICULAR

3.3.4. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado

Seguindo as directrices do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria: *“a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.”*

3.4.1. Plan Titorial e de Orientación académica e profesional (anexo I)

3.4.2. Plan de atención á diversidade (anexo II)

3.4.3. Plan lector (anexo III)

3.4.4. Proxecto lingüístico (anexo IV)

3.4.5. Proxecto TIC (anexo V)

3.4.6. Plan de Fomento do uso da Lingua Galega (anexo VI)

8.6. NOF (ver anexo X)

A actividade cotiá do centro leva aparelladas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento no que mellor se reflicte esta estrutura organizativa denomínase “Normas de Organización e Funcionamento”.

8.7. Plan de Convivencia (ver anexo XI)

O Plan de Convivencia, que basea moitos dos seus puntos no anterior NOF, tamén se inclúe neste apartado por entendermos que tamén contribúe de xeito importante a regular a vida no centro no día a día. Ambos textos concretan os aspectos xerais que se describen na Lei de convivencia e participación da comunidade educativa e son os documentos de referencia no traballo da comisión de convivencia do centro e a eles terase que remitir á hora de analizar as situacións contrarias á mesma.

8.8. Plan de funcionamento do comedor (ver anexo XII)

O plan foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa.

8.9. Plan de autoprotección (ver anexo XIII)

Pendente de aprobación no curso 2017/2018

MARCO LEGAL

O proxecto educativo do CEIP Juana de Vega, ten unha base legal que o regula. O centro tamén segue uns principios legais que define a súa propia ideoloxía.

Así, a ideoloxía propia do centro segue os principios de:

- ✓ A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
- ✓ A Constitución Española de 1978.
- ✓ O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Os aspectos educativos están regulados por:

- ✓ A Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio (LOE), que está en vigor actualmente en España.
- ✓ A Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE)

O funcionamento deste CEIP está regulado polo:

- ✓ Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ✓ Orde do 3 de outubro de 2000 polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.

A nivel curricular, actualmente están en vigor para as 2 etapas educativas impartidas neste centro os seguintes Decretos:

- ✓ Decreto 330/2009 para educación infantil.
- ✓ Decreto 105/2014 para educación primaria.

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos no:

- ✓ Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A Dinamización da Lingua Galega está regulada polo:

- ✓ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A admisión de alumnado esta regulada por:

- ✓ Decreto 254/2012 do 13 de decembro.
- ✓ ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

educación

En canto ao funcionamento do comedor escolar está regulado por:

- ✓ Decreto 132/2013 do 1 de agosto.
- ✓ Orde do 21 de febreiro de 2007.
- ✓ Orde do 13 de xuño de 2008 que modifica a orde do 21 de febreiro de 2007.
- ✓ Decreto 374/2009, do 6 de agosto, modificado polo Decreto 439/2009 do 11 de setembro.
- ✓ Instrucións 1/2016, do 30 de maio, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, que regulan o funcionamento de determinados aspectos relacionados co funcionamento do comedor escolar.

A administración dos recursos económicos do centro está regulada por:

- ✓ Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- ✓ Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.

Os protocolos de actuación en cuestións administrativas teñen que ser coherentes coa lei que os regulan para as administracións públicas:

- ✓ Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- ✓ Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a anterior.

Para todos os funcionarios públicos:

- ✓ Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia. (DOG 13-6-2008).
- ✓ Lei 2/2009, do 23 de xuño, que modifica a anterior (DOG 24-6-2009)
- ✓ Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

